

## 30 E 31 DE MAIO DE 2026: ACTOS CENTRAIS DO 125 ANIVERSARIO DOS SUCESOS DE MAIO DE 1901 NA CORUÑA

Os días 30 e 31 de maio vindeiros continúan os actos do 125º aniversario dos sucesos de maio de 1901 na Coruña. Se o pasado 19 de abril tiña lugar diante do monumento ás misteiras da praza de Monforte da Coruña, un acto público de lembranza da folga daquelas operarias nos meses de abril e maio de 1901, agora chegan os actos centrais do aniversario, coincidentes coas xornadas do 30 e 31 de maio.

Este programa está impulsado por unha comisión de entidades culturais, sindicais, e políticas, entre os que se atopan, xunto ao Ateneo Aurora e o colectivo Refuxios da Memoria, os sindicatos CGT e CNT, as organizacións libertarias Xesta e Naide, e a editorial anarquista Bastiana, que chaman a toda a veciñanza da cidade a participar nos distintos actos convocados.

Os actos, a celebrar durante esa fin de semana, conmemorarán as xornadas do 30 e 31 de maio de 1901, nas que se proclamou unha folga xeral de tres días, en solidariedade e condena polo asasinato do obreiro Mauro Sánchez.

Esta folga xeral paralizou por completo a actividade da cidade e milleiros de persoas acompañaron o corpo do obreiro asasinado ata o cemiterio. A declaración de estado de guerra foi seguida dunha brutal represión que deixou sete persoas falecidas, dúas de feridos e feridas e as cadeas ategadas de presos e presas, que serían xulgados por consellos de guerra e condenados a penas de ata 20 anos de reclusión.



**Contacta, comparte e difunde:**

**Enderezo:**

Casa Sindical da CGT da Coruña  
Entrepeñas, nº6, baixo  
15010 A Coruña

**Páxina web:**

[memorialibertarianagaliza.org/](http://memorialibertarianagaliza.org/)

**Correo electrónico:**

[ateneoaurora@gmail.com](mailto:ateneoaurora@gmail.com)

**Facebook:**

[/ateneo.aurora](https://www.facebook.com/ateneo.aurora)

**X (twitter):**

[@AteneoAurora](https://twitter.com/AteneoAurora)

**Instagram:**

[@ateneoaurora](https://www.instagram.com/ateneoaurora)



### 4 CORUÑA 1901

LOITA OBREIRA, SANGUE E CHUMBO





# 125 ANIVERSARIO DOS SUCESOS DE MAIO DE 1901 NA CORUÑA


30 de maio de 2026

## Presentación do libro “Polas vítimas de onte, xustiza! Folga xeral, represión e estado de guerra na Coruña en 1901

O **sábado 30 maio, ás 12 horas**, no **Circo de Artesáns** da Coruña (rúa de Santo André, 36) terá lugar a presentación do libro **“Polas vítimas de onte, xustiza! Folga xeral, represión e estado de guerra na Coruña en 1901”**, editado pola editorial Bastiana.

O libro recolle a historia do acontecido e a permanencia destes feitos na memoria da clase obreira coruñesa ao longo do tempo.

Na presentación participarán os autores, Daniel Palleiro e Francisco Ascón. O acto rematará cunha actuación musical das **“Cantareiras Revolteiras”**.



**125 ANIVERSARIO  
OS SUCESOS DE MAIO  
A CORUÑA OBREIRA  
NON ESQUECE**

Participa en AURORA  
faite socio/a:



Formulario na web:  
[memorialibertarianagaliza.org](http://memorialibertarianagaliza.org)

31 de maio de 2026

## Entrega floral no mausoleo aos mártires de maio

En 1906, a iniciativa das Sociedades obreiras e por subscrición popular, levantouse un monolito no cemiterio de Santo Amaro en lembranza das vítimas daquela represión. Ese monumento acollerá o **domingo 31 de maio, ás 12:30 horas**, un acto de homenaxe ás obreiras e obreiros asasinados cunha ofrenda floral e o relatorio dos feitos, do mesmo xeito que se facía ata a sublevación fascista de 1936 e como se ven facendo dende a década dos 80 do século pasado polo anarcosindicalismo local. Logo do acto no monolito, no exterior do cemiterio, o grupo **“Comadres”** interpretará varias cancións incluíndo unha cantiga composta especialmente para este 125 aniversario.

